

## OS DEREITOS HUMANOS NA INSTRUCCIÓN DA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA DE 19.11.1990.

Francisco Puy  
Facultade de Dereito  
Universidade de Santiago de Compostela

### SUMARIO.-

- I.- A *Instrucción Pastoral* de 19.11.1990.
- II.- Un enfoque casuístico dos dikeos.
- III.- Mencións expresas dos dikeos na *Instrucción*.
- IV.- Valoración católica dos dikeos.
- V.- Os dikeos como Ética Civil Laica.
- VI.- Os dikeos na Doctrina Social Católica.
- VII.- A verdade dos dereitos.
- VIII.- Bibliografía citada.

VERBAS-CHAVES.- Dereitos Humanos. Dikeos. Doctrina Social Católica. Ética Civil Laica

### I.- A INSTRUCCIÓN PASTORAL DE 19.11.1990.

1.- *A verdade faravos libres* é o título da *Instrucción Pastoral sobre a Conciencia Cristiana perante a Actual Situación Moral da nosa Sociedade* (1), dirixida ó pobo español en xeral e ós fieis da Igrexa Católica Española en particular, pola Quincuaxésima Terceira Conferencia Episcopal Española, reunida en Madrid o 19 de Novembro de 1990. Constitúe un importante documento de Doctrina Social Católica, entendida esta expresión como «o sistema aberto de principios de reflexión -criterios de xuício e directrices de

---

(1) Cfr. 53APCEE 1990: na Bibliografía que consta ó final deste traballo.

acción- e de doutrina para á acción -ensino orientado esencialmente a acción- que require da contribución de tódolos carismas do povo de Deus para o seu desenrolo e aplicación concreta» (2).

O documento é denso e profundo, como ven sendo norma dende o Concilio Vaticano II (1962-1965) de toda a Doutrina Social Católica, universal ou rexional, pontificia ou episcopal, conciliar ou sinodal e conferencial ou diocesana. Ambas dúas notas son virtudes intrínsecas da actual Doutrina Social Católica. Pois virtude é, nunha doutrina, o ofrecemento de moita ensinanza, en vez de pouca; e o aprofundamento nela, en vez de aboiar sobre un neumático de obviedades. Pero, á vez, ámbalas dúas notas prantexan dificultades extrínsecas notabeis á actual Doutrina Social Católica, en tanto que desaniman da lectura ós destinatarios apresurados. É dicir, a cáseque todos. Pois ben sabido está que o forte ritmo de marcha que a sociedade de hoxendía impón ós seus membros consíntenos a todos nós mais ben pouco tempo para a lectura e a reflexión. E refírome ós dous sentidos da verba *tempo*: ó cronolóxico, por suposto, pero tamén ó psicolóxico que precisa indefectiblemente a lectura reflexiva.

Tal pode se-la causa principal -coido eu- do desalentador fenómeno da pouca atención prestada ó documento de que estou a escribir. Poucos foron os que lérono nas datas de publicación e subseguintes, a xulgar polo efímero eco que suscitara na opinión (3).

Falo de todo isto sen acritude e sen malevolencia. Dígoos só para xustifica-lo tratamento do tema que segue... se é que necesita dalgunha xustificación. De calquera xeito, a miña é que, como xurista-profesor especialista en Dereitos Humanos, coido que non carece de interese científico examinar críticamente a doutrina dunha *Instrucción Pastoral* que contén unha aportación realmente valiosa para o tema dikeo.

2.- Porque a *Instrucción* de que falo é importante en efecto. Obviamente o é para os católicos. Tanto que me atrevo a dicir que este documento é o primeiro

(2) 55APCEE 1991: p<sup>o</sup> 80 nota 140.

(3) Mesmo se puido atopar nos masmedia a esperpéntica intervención dalgúns comentaristas da *Instrucción*, pretendendo facer de intérpretes críticos dun texto que botaba á vista non se tiñan lido primeiro: ou que no tiñan lido enteiro: ou que non o tiñan lido...

en por en práctica en España a recomendación pontificia, feita en Madrid o 2 de Novembro de 1982 de que «a Igrexa, respectando gustosamente os ámbetos que non lle son propios, sinala un rumbo moral, que non é diverxente ou contrario, senón que coincide coas esixencias da dignidade da persoa humana e os dereitos e libertades inherentes a ela» (4).

Pero tamén o é para os demáis cidadáns. A importancia lle ven conferida dos dous elementos estruturais que poden dállela a calisquer escrito: o *autor* e maila *materia*.

O *autor* é a Conferencia Episcopal de España. Trátase, por tanto, dunha autoría excepcional: pola especialización dos firmantes e dos seus colaboradores; e polos precedentes no tempo adicado a prepara-lo texto. Non abundo niso, nembargantes, porque prefiro enfatizar agora o outro aspecto dito: o da materia tratada.

De certo, a *materia* obxectiva que aborda a *Instrucción* é especialmente acuciante para a saúde da vida moral e para o desenrolo espiritual de cada persoa. Trátase, en efecto, da formación da conciencia individual para a resolución de problemas que esixen opcións inmediatas e decisións instantáneas no propio comportamento cotián. Embora non en termos abstractos. Senón en función dos dilemas e aporías que nos asedian cáseque tódolos días e a cáseque tódolos españois. Esta perentoriedade é o grao de sal que lle presta un meirande interés ó asunto (5).

3.- Trátase dende logo dun guión excepcional para facer examen de conciencia moral e para facer longa meditación intelectual. Ou seña, para exercita-lo pensamento. Polo mesmo, hai que mira-lo texto de vagar... e por

---

(4) JUAN-PABLO II 1982: p. 58.

(5) Un mínimo sentido de solidariedade humana ou de caridade cristiana fai ve-la conveniencia de que coñezan estes ensinamentos cantas máis persoas millor. Participando, seguramente, desta mesma preocupación, o Arzobispo de Compostela, Antonio Rouco Varela fixo unha «Presentación da Instrucción» engadindo o rogo expreso seguinte: «Invítovos a lela, a meditala e a convertila en ensino e guieiro para as vosas vidas». Según o Prof. Rouco, a *Instrucción* «constitúe un guión excepcionalmente actual e autorizado para facer examen de conciencia, persoal e comunitario, auténtico e veraz, diante do Señor». Na súa Carta de 1 de Decembro de 1990 no Tempo de Advento ós Sacerdotes, Relixiosos, Relixiosas e Fieis Laicos da Arhidíocese de Santiago (cfr. ROUCO-VARELA 1990: 636).

sectores. Imos, pois, analizar un sector -e só un- dos moitos que amosa a súa ricaz temática: o dos *dereitos humanos*. Tópico que xoga un rol importante no conxunto da argumentación, como imos ver lendo e comentando os pasaxes correspondintes.

Dixen «comentando» e debo engadir que os textos dikeos do documento falan por sí mesmos. Eu, pola miña parte, intentarei abrir perspectivas sobre eles e pouco máis. Tratarei de suscitar suxerencias e, se podo, mirarei de explicar sinxelamente algo do que a *Instrucción* di dos dereitos humanos, poñendo á consideración do lector as miñas propias reflexións... e ren máis (6).

Unha última cosideración limiar. Falo dos dereitos humanos en sentido técnico estricto. Isto é, usando palabras alleas para enfatiza-la miña obxectividade, falamos de pretensións morais xustificadas, de especial relevancia, que afectan á autonomía, e á independencia das persoas e que están incorporadas ó dereito positivo como dereitos subxectivos, como liberdades, como potestades ou como inmunidades (7).

---

(6) Dado que vou explicar un documento que ten a dobre dimensión de xurídico e eclesial coido pertinente engadir algo, para espantar pantasmaas propias dunha época crítica como a nosa. Como son un profesor, procedo coa liberdade racional propia dun universitario laico. E como tamén son un católico, procedo tamén coa santa liberdade dos fillos de Deus. Do que se seguen dúas consecuencias.

Primeira. Quero expo-la Doctrina Social Católica sen adulterala, aínda que, inevitablemente, eu teña que tinguila das miñas propias vivencias. Pois todo intérprete, interpreta. Ou seña, que se interpón entre o escritor e o lector; que se mete entre a mensaxe e o seu segundo ou terceiro recipiendario. Xa dicía Giambattista Vico, no Século XVIII, que interpretar é *inter-patrare*. Ou seña, facer de intermediario entre o que sintían (*patebant*) os pais (*patres*), os precursores, os que deixaron denantes a súa mensaxe; e os fillos, os herdeiros, os destinatarios que desexan recibilo e non poden, ou non queren, acceder a el directamente...

Segunda. Como fiel debo trasmiti-la doutrina da Igrexa e como profesor debo aporta-la miña propia doutrina. Polo tanto o que eu diga da miña colleita, pola miña conta corre. E o que atribúa indebidamente á Doctrina Social Católica, a mín terá de imputárseme. Pois falando deste tema eu non quero trabar a ninguén con dúbidas de fe. Senón que intento tan só animar e estimular a todos na realización de accións dikeas a prol dos próximos infelices máis febles ou discriminados que nós. Prefiro, en fin, antes provoca-lo desacougo para o compromiso de cada quén, que non o acougo da sesta para ninguén.

(7) PECES-BARBA 1989: 3.

## II.- UN ENFOQUE CASUÍSTICO DOS DIKEOS.

4.- O principal interés para o tema dikeo que amosa o documento que estudiamos estriba en que fala moito dos dereitos como se non fora do caso; sen que se note; sen adicarlles un apartado ou sección propiamente ditos: porque sempre refírese a eles, non dunha forma teórica ou sistemática, senón tópica e casuística. Vexamos qué significa iso, comezando por referirmos á estrutura argumental do texto da *Instrucción Pastoral sobre a Conciencia Cristiana perante a Actual Situación Moral da Nosa Sociedade*.

Divídese éste en 5 apartados, ós que se superpón outra división en 66 parágrafos consecutivos (8).

Por outra banda compre notar que non amosan os cinco apartados o mesmo interés, como xa o suxire a diferente extensión dos parágrafos. En efecto, baixo os rótulos de «Introducción» e «Conclusión», os apartados extremos só contén unhas sinxelas palabras de salutación e despedida. O núcleo doutrinal do texto, pois, está nos tres apartados centrais. E estes tres apartados se desenvolven según o modelo clásico do discurso xurídico, moral, político e económico. É dicir, según este esquema tripartito:

- a) O primeiro tramo describe un problema. Este apartado se rotula, por tanto, «Descripción da situación». E, no noso caso, o problema descrito é o da crise moral que padece a actual sociedade española.
- b) O segundo tramo discursivo analiza os principios nos que cabe encontrar solucións para o problema antedito. O rótulo do apartado IIIº é agora «Algúns aspectos fundamentais do comportamento moral cristiano».
- c) E o terceiro tramo enumera as convenientes propostas prácticas de solución. O apartado IVº, entón, se rotula «Algunhas recomendacións».

---

(8) Así que:

- a) O apartado Iº contén os parágrafos 1 a 3.
- b) O apartado IIº, os parágrafos 4 a 33.
- c) O apartado IIIº, os parágrafos 34 a 49.
- d) O apartado IVº, os parágrafos 50 a 65.
- e) E o apartado Vº e último, o tamén último parágrafo, que é o 66.

5.- Esto sabido, coido que pode entenderse mellor o xa dito a propósito de que o tema dos dikeos non aparece abordado linealmente na *Instrucción*. Afortunadamente é así. ¿Por qué é así e porque constitúe ésa unha circunstancia afortunada para nós?

A cousa é así con toda lóxica porque o documento non pretende ser un estudio doctrinal; nen sobre dereitos humanos, nen sobre nengunha outra materia especulativa ou abstracta. Senón que quere ser outra cousa; a que di ser; isto é, unha *Instrucción Pastoral*; ou seña, un documento xurídico, político e ético de goberno eclesial e de servizo civil.

E o feito coido se pode avaliar como un dato feliz, porque se o documento tivera pretendido conter unha exposición teórica dos dikeos, probablemente o tratamento consistiría nunha síntese ou resume da doutrina maioritaria establecida; e polo tanto carecería de orixinalidade; e -nese mesmo senso-cáseque carecería tamén para nós de interés teórico.

Pero o caso é outro. Os dikeos aparecen invocados moitas veces e co gallo de moi diversas cuestións. E ese enfoque casuístico; esa referencia práctica e inmediata a casos concretos; iso é o que fai especialmente interesante a tarefa de desvela-los supostos teóricos que sostén o uso do tópic no discurso eclesial... e a súa concordancia ou discordancia coas doutrinas establecidas.

Ben, resulta pois que os dereitos están relativamente espallados ó longo do discurso. Pero nós podemos ordenar dalgunha maneira as súas aparicións para así poder concentra-la nosa atención nos pasaxes axeitados, deixando nunha desatención provisional os restantes. Pois ben, se non me trabuquei ó contalas, na *Instrucción* hai sete mencións expresas. Delas, tres figuran no apartado II<sup>o</sup>; e catro no apartado III<sup>o</sup> (9).

---

(9) De primeiras, chama a atención que os dereitos humanos non aparezan invocados co gallo de enumerar solucións no lugar adicado a ese cometido; ou seña, no apartado IV<sup>o</sup>. Sen embargo, adianto que iso ten explicación doada porque, en verdade, están presentes alí tamén. Non con nengunha mención expresa... porque o que ahí tería que dicirse está xa dito nos dous apartados previos... tanta é a importancia que tén. Figuran de maneira tácita, coma imos comprobalo despois.

E para iso comenzo relendo, ou reproducindo, o que di a *Instrucción* de que falamos (10).

Dixen, pois, que na *Instrucción* hai sete mencións expresas dos dikeos; que no apartado IIº figuran tres delas; e que as catro restantes están no apartado IIIº. Imos pois lelas.

### III.- MENCIONS EXPRESAS DOS DIKEOS NA INSTRUCCION.

6.- A primeira aparición dos dikeos na *Instrucción Pastoral* figura no comezo do Apartado IIº, o que fai a «descripción da situación» de crise moral, constitutiva do problema que se afronta. A cita está situada practicamente ao inicio sen máis da *Instrucción*, posto que o Apartado Iº é unha simple *Introducción*.

Ben, no parágrafo 4º, sitúase o discurso nestes termos: «Iniciamos esta reflexión cunha descripción da crise moral que está afectando ó noso pobo». Mais «non temos unha vision pesimista do intre que vivimos» (11), se aclara no acto. E no parágrafo 5º se pasa explica-lo porqué, nestes termos:

«Non ignoramos, de feito, os valores importantes que emerxen da conciencia moral contemporánea, como poden ser:

- 1) *A forte sensibilidade a prol da dignidade e dos dereitos da persoa.*
- 2) *A afirmación da liberdade como cualidade inalienable do ser humano e da súa actividade e a estima das liberdades individuais e colectivas.*
- 3) *A arela de paz interior e a convicción cada vez máis enraizada da inutilidade e do horror da guerra.*

---

(10) Pois non quero incurrir no erro pedagóxico no que caen os profesores cando esquecen que o discurso universitario tipo se chama *lección* porque debe escomezar por unha *lectura*. En verdade, sempre procederon os mestres universitarios segundo o coñecido esquema comunicativo que se resume nisto: a) Primeiro, se lé o texto que os ouvintes desexan libremente coñecer, pola razón que seña. b) Logo, se o explica e discute libremente. c) Ultimamente, se o acepta libremente, ou non.

Tal é o método da Universidade eterna: a de Tomás e Boaventura, a de Bártolo e Baldo, a de Vitoria e Suárez, a de Vico e Kant, a de Kelsen e Heidegger É a Universidade que amo.

E tal é o método que gusto e que emprego e que pido e -se preciso é- que esixo me seña tolerado, pois que a liberdade de cátedra constitúe tamén un dos dereitos fundamentais dos que estamos a falar.

(11) 53APCEE 1990: pº 4.

- 4) O pluralismo e a tolerancia, entendidos como respecto ás conviccións alleas e non imposición de crenzas ou formas de comportamento.
- 5) A repulsa das desigualdades entre individuos, cras e nacións.
- 6) *A atención ós dereitos da muller e o respecto á súa dignidade.*
- 7) Ou a preocupación polos desequilibrios ecolóxicos» (12).

7.- A segunda mención sitúase tamén no Apartado IIº, que é relativamente o máis longo dos que compón a *Instrucción* (13). Continúa o contexto a descripción da crise moral que aqueixa á sociedade española e se expresa nestes termos:

«A proclamación das liberdades formais no noso sistema xurídico non exclúe a emerxencia de sutís formas de enalleación:

- 1) Chamamentos compulsivos ó consumismo.
- 2) Imposición das técnicas de *marketing* de modelos de conducta dos que están ausentes os valores morais básicos.
- 3) Manipulación da verdade con informacións sesgadas e inobxectivas.
- 4) Introdución aberta ou subliminal dunha propaganda ideolóxica *oficial*, ou da cultura no poder, adoito antirrelixiosa e silenciadora ou ridiculizadora do *católico*...

Durante estes anos -continúa a cita- levouse a cabo un desartellamento sistemático da moral tradicional. Desartellamento que non fixo, senón destruír. Non construíu ren, pois, sobre o que asenta-la vida do noso pobo; nen estableceu un obxectivo humano digno de ser perseguido colectivamente. Sementou o campo de sal e abriu un baleiro que non oferta outra cousa que a pura loita por intereses ou o goce narcisista» (14).

8.- Un terceiro pasaxe da *Instrucción* con protagonismo dikeo agroma no parágrafo 32. O contexto segue a se-la descripción da crise moral hispana actual. E o texto segue a se-lo Apartado IIº, nas súas determinacións últimas. O que agora pode lerse é estoutro:

«En tempos pasados a Moral Católica era a base sobre a que repousaba a normativa moral e mesmo xurídica da nosa sociedade española. Constituía ela o patrimonio moral común que orientaba ás consciencias. Isto levou, entre outras cousas, a identificar Moral Católica, norma xurídica e usos e costumes normalmente admitidos. A situación cambiou. A Moral Católica non é a moral de toda

(12) 53APCEE 1990: pº 5º. A numeración do elenco e os subliñados son nosos.

(13) Pois que abarca vintedúas páxinas da edición que manexo, que é a de Novembro de 1990, primeira de Ediciones Palabra de Madrid.

(14) 53APCEE 1990: pº 15º. Os subliñados son nosos.

a poboación. O Estado promulgou leises que autorizan accións moralmente ilícitas. Por iso, moitos consideran morais esas accións legalmente permitidas. O que está permitido na orde xurídica parécelles que é xa inmediatamente conforme coa recta conciencia. *Recoñecemos que na Constitución Española e na Declaración Universal dos Dereitos Humanos hai uns valores morais que poideran servir de alicerce ética da convivencia na sociedade española. Pero estes valores ten a súa fonte de inspiración nunha cultura que posúe raíces cristianas e, por iso, só na integridade da mensaxe cristiana reciben a súa última consistencia e o seu sentido. Desarraizados estes valores do seu fundamento, que é Deus criador, estánse baleirando de contido -asegún amosa a experiencia dos últimos anos no Occidente- perden vitalidade e, ás vegadas, tórnanse contra o mesmo ser humano» (15).*

9.- A cuarta mención dos dikeos na *Instrucción Pastoral* témola no parágrafo situado ó comezo do apartado III<sup>º</sup> da mesma, onde se analizan os fundamentos teolóxicos das solucións que se van propor de seguido para o problema previamente analizado. O tal parágrafo di isto:

«O ser humano ten sido criado á imaxe de Deus (*Gen. 1.26.27*)» e «da súa condición de *imaxe de Deus* nace a raíz da súa dignidade como ser humano e do respecto que se lle debe... *A incomparable dignidade do ser humano culmina no feito de ter sido convidado a ser un interlocutor responsable do mesmo Deus... Niso radica, ó cabo, a inviolabilidade dos dereitos humanos fundamentais. Se non podería reivindicar dabondo que eses dereitos son inviolabeis, se non estiveran fundados na condición humana de imaxe de Deus, participación do absoluto de Deus por parte do ser humano. A necesidade e o respecto destes dereitos se fundamentan, por ende, en Deus e non en simples convencións e consensos sociais. En realidade, a violación deses dereitos supón sempre despojar ó ser humano do seu dereito a estar e vivir baixo a protección do seu Criador...* (16).

10.- A quinta aparición dos dikeos consta no longo parágrafo da *Instrucción* adicado a expo-la doutrina católica da conciencia moral (17). Pois ben, neste especial contexto é no que aparece a importante lembranza dos dereitos que di así:

(15) 53APCEE 1990: p<sup>º</sup> 32<sup>º</sup>. A numeración do elenco e os subliñados son nosos.

(16) 53APCEE 1990: p<sup>º</sup> 36. Os subliñados son nosos.

(17) Seguimos dentro do apartado III<sup>º</sup> e debemos situa-lo texto que agora nos interesa no contexto inmediato da devandita doutrina. Respecto a este, podemos le-lo seguinte:

«A conciencia moral é... a facultade, arraigada na esencia do ser humano que lle dicta a éste o que ten de bó e de malo, que lle incita a face-lo ben e evita-lo mal e que xulga a rectitude ou malicia das súas accións ou omisións despois de telas levado a cabo... Por se-la voz de Deus no ser humano, a conciencia é unha instancia inviolable á que nengunha instancia humana superior se pode opor... Á voz da conciencia, de certo, non pode ser asumida en solitario, sen referencia algunha a instancias obxectivas. Necesita confrontarse coas conviccións básicas e

«É certo que, ás veces, a conciencia -mesmo equivocada por ignorancia invencible, ou por condizamentos psicosociais ou por causas patolóxicas- impónse como instancia ineludible da conducta humana. E nestes casos, *a conciencia é inviolable: o ser humano ten obrigación de seguila sen que se lle poda forzar a actuar contra dela, nen impedir que obre dacordo con ela, non sendo que viole un dereito fundamental e inalienable dun terceiro (Dignitatis humanae, 3.c).* Mais non poden apelar á súa conciencia subxectiva aquéles que se non preocupan por busca-la verdade e comportarse responsablemente na súa vida»... (18).

11.- A sexta aparición dos dikeos ten lugar aínda no apartado IIIº da *Instrucción*, pero agora na parte central, no parágrafo que trata da «Moral da Alianza». O que alí interesa é isto:

«Na Revelación histórica de Deus, o Decálogo do pobo israelita (*Ex. 20.1-17 & Dt. 5.6-22*) é a manifestación exemplar e universalmente válida das fontes de moralidade latentes na esencia do ser humano criado a imaxe de Deus... O cumprimento dos preceptos de Deus presupón a adhesión de fe dada ó Deus que salva; de ese indicativo emana, como unha actitude lóxica, a aceptación dos imperativos éticos esixidos pola Alianza de Deus cos seres humanos. Os que ten sido liberados por Deus, comprométense seguiren unhas pautas de conducta que son sempre liberadoras para o ser humano... *O cumprimento dos Mandamentos de Deus implica, ademáis, participar na acción liberadora de Deus que quere que tódolos seres humanos poidan ver recoñecido-los seus dereitos e vivir en liberdade*»... (19).

12.- En fin, a sétima citación dos dikeos ten lugar no parágrafo que trata da «Moral Cristiana e outros modelos éticos». Consta nas postrimerías do apartado IIIº da *Instrucción*, e velai o que agora importa ler:

«Todo intento de relaciona-la moral cristiana coas morais vixentes presupón a propia identificación. A pescuda do diálogo neste terreo é incompatible co releo ou coa transacción innegociable. Non cabe aquí un consenso obtido ás costas de rebaixa-las esixencias morais cristianas. Afirmar, como o fai a Igrexa, a verdade irrenunciábel dos valores e normas fundamentais da súa ética pode parecer unha pretensión excesiva que non deixa lugar a outras ofertas morais. Esta impresión ten a súa orixe, ás vegadas, nunha inadecuada presentación da verdade revelada por Deus. *Debe ficar sempre claro que a proposta moral que fai a Igrexa non pretende de ningún xeito violenta-la liberdade humana. Outra cousa moi diferente é que a Igrexa urxa a necesidade de que a autoridade protexa pola lei os dereitos fundamentais do ser humano. A Igrexa propón, pois, a súa moral como unha alternativa á que os seres humanos terán de acceder en liberdade*»... (20).

(18) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 39. Os subliñados son nosos.

(19) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 41. Os subliñados son nosos.

(20) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49. Os subliñados son nosos.

#### IV.- AVALIACIÓN CATÓLICA DOS DIKEOS.

13.- Velaí as alusións expresas ós dikeos que contén a *Instrucción pastoral* que estamos a considerar. Para mín que hai unha grande cantidade de cuestións agachadas en mencións tan curtas. Selecciono entón o tema principal que, ó meu entender, merece comentario, pensando no principal problema que prantexan hoxendía os dikeos á nosa cidadanía, quer civil, quer relixiosa. Penso no problema da vacilación entre a aceptación ou o rexeitamento dos dikeos. Deles no seu conxunto, xa vistos como concepto, xa mirados como institución. Pois é patente que existe unha enorme desconfianza encol dos dereitos nunha sociedade costumada a velos empregados como arma dialéctica arroxadiza... moitas veces a redropelo dos propios intereses (21).

Tal actitude receosa abonda entre católicos, aínda máis se cabe. Débese ó feito de que a Doctrina Social Católica ten mantido unha actitude moi crítica contra dos dereitos do home durante moito tempo. Durante cásese douscentos anos, pois que se constata entre os *circa* dous séculos que transcorren, exactamente, dende a *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán de 26 de Agosto de 1789*(22), ata a *Encíclica «Pacem in Terris» de 11 de Abril de 1963*, enviada polo Pontífice Xoan XXIII (1958-1963) -encíclica que fora unha especie de testamento espiritual persoal do papa dirixido ó Concilio Ecuménico Vaticano II (1962-1965), convocado por el mesmo e, á par, unha interpretación *a simultaneo* da Doctrina Social do propio sínodo universal.

En efecto, o Papa Xoán botou os alicerces para a aceptación dos dikeos na Doctrina Social Católica coa encíclica *Pacem in Terris*, cando ensinou nela que a *Declaración Universal* debía ser considerada un valor positivo para os cristianos por dous motivos principais, a saber. Por constituiren «un primeiro paso pro establecemento dunha Constitución xurídica e política de tódolos pobos do mundo»; e porque nela «recoñécese solemnemente a tódolos seres humanos sen excepción a dignidade da persona humana» (23).

---

(21) A confesión máis provocativa que coñezo nesta liña é a dun colega da Unviersidade de Murcia que ten escrito reiteradamente cousas como ésta: «A miña opinión é que os dereitos humanos non existen. Existen Declaracións, Constitucións, Sentencias etc. que supón ou dan por sentado que os dereitos humanos existen. Pero eses feitos non proban ren...» HERNANDEZ-MARIN 1987: p. 95.

(22) Declaración presentada pola revolución francesa como o seu propio ideario, aínda que non o era, ou non o respectou coma tal.

(23) PT 1963: p<sup>o</sup> 144.

Pola súa banda, o Concilio Vaticano II introduxo definitivamente os dikeos na Doctrina Social Católica, especialmente a medio da *Constitución Pastoral «Gaudium et Spes» sobre a Igrexa no Mundo Actual*, de 7.12.1965; e do *Decreto «Dignitatis Humanae» sobre a Liberdade Relixiosa*, da mesma data. No primeiro dos ditos documentos díse, antre outras cousas, que «a Igrexa... proclama os dereitos do home e reconece e estima en moito o dinamismo da época actual, que está promovindo por todas partes tais dereitos» (24). E na súa virtude ordea taxativamente: «Recoñézanse, respéctense e promóvanse os dereitos das persoas, das familias e das asociaciós. e tamén o seu exercicio» (25).

Asegún se colixe doadamente, a *Instrucción Pastoral* de que falamos non fai senón proseguir e aprofundar ese maxisterio conciliar, do que o maxisterio pontificio ten sido motor de progreso teolóxico e xurídico (26). Nesta liña se move Xoan Paulo II que, na súa recente *Encíclica «Centesimus Annus»* de 1.05.1991, lembra que «despois da segunda guerra mundial e en parte como reacción ós seus horrores, foise difundindo un sentimento máis vivo dos dereitos humanos, que ten sido recollido en diversos *documentos internacionais* e na elaboración, podería dicirse, dun novo *dereito de xentes* ó que a Sante Sé ten dado unha constante aportación» (27); e testifica «o compromiso da Igrexa a prol da defensa e promoción dos dereitos humanos» (28).

Embora, veñamos xa considerar só a cuestión principal a que me quero referir, a prol da brevidade. Trátase da cuestión da relación entre a Ética Civil Laica e a Doctrina Social Católica, que está ben vencellada coa cuestión da valoración e da función dos dereitos.

14.- Os dereitos humanos son claramente o celme da actual Ética Civil Laica. Entón ¿cómo veñen avaliados por unha Doctrina Social Católica que constitúe o núcleo da Ética Relixiosa Católica? ¿Se cadra son rexeitados como lóxicamente se podería pensar? Moi ó rivés, como paso a subliñar.

Salta á vista que os dikeos son avaliados moi positivamente pola *Instrucción* que comentamos. En efecto, no parágrafo 5º da *Instrucción* aparecen

---

(24) GS 1965: pº 41.c. Os subliñados son nosos.

(25) GS 1965: pº 75.b. Os subliñados son nosos.

(26) E non rémora do mesmo, como tantas veces se quere facer aparecer, por frivolidade ou por malicia.

(27) CA 1991: pº 21.

(28) CA 1991: pº 22.

avaliados como os máis destacados entre «os valores importantes que emerxen da conciencia moral contemporánea» (29). Coido eu que se trata dos máis destacados, porque nunha lista de sete de tais valores, os dikeos aparecen tres veces: como «a dignidade e os dereitos da persoa»; como «as liberdades individuais e colectivas»; e como «os dereitos da muller e o respecto á súa dignidade» (30).

Compre ter en conta que esta avaliación positiva expresa ven xa de atrás, pois a mesma Conferencia Episcopal Española ten xa escrito que «como homes do noso tempo e discípulos de Xesucristo, vemos con alegría que se van desenrolando entre nós algúns valores importantes» o primeiro dos cais é «a forte sensibilidade a prol da dignidade e dos dereitos da persoa» (31).

O asunto está moi relacionado co grande problema terminolóxico que afecta en xeral ós dereitos e que é o da pluralidade expresiva. A variedade terminolóxica con que a *Instrucción* designa ós dikeos pode suscitar perplexidades e aínda a sospeita dunha devaluación ou dun desprezo cara eles. Porque os dikeos son aludidos, en efecto, na *Instrucción* con oito expresións non literalmente coincidentes, a saber: a) *dereitos* (32); b) *dereitos humanos* (33); c) *dereitos humanos fundamentais* (34); d) *dereitos fundamentais do home* (35); e) *dereitos fundamentais e inalienabeis* (36); f) *dereitos da persoa* (37); g) *liberdades individuais e colectivas* (38); h) e *libertades formais* (39).

Esa variedade non debe alarmar a ninguén. A pluralidade expresiva non é signo de debilidade, senón de riqueza de contidos materiais. Todas esas

---

(29) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(30) Por certo: esa dobre mención á dignidade pide unha aclaración moi pertinente. Trátase de que o non-experto debe ser informado de que tantas veces como se fala da dignidade do ser humano, outras tantas se está a falar metafóricamente dos dikeos. Pois na literatura iushumana xeral -católica ou civil- a dignidade do ser humano é o macrodikeo, ouí seña, un analogado do conxunto dos dikeos.

(31) CPCEE 1986: p<sup>o</sup> 14.

(32) 53APCEE 1990: p<sup>os</sup> 5<sup>o</sup>, 36<sup>o</sup> & 41<sup>o</sup>.

(33) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 32<sup>o</sup>.

(34) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 36<sup>o</sup>.

(35) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

(36) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 39<sup>o</sup>.

(37) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(38) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(39) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 15<sup>o</sup>.

denominación non falan de cousas distintas, senón de unha e a mesma. E o feito non constitúe nin defecto da *Instrucción* nin indicio de desprezo pola cousa dos dereitos de seu. Pola contra, trátase dun fenómeno común a todo o discurso dikeo.

15.- Mais retornemos ó asunto principal no que estabamos, ou seña, o da positiva avaliación dos dereitos que ensina a *Instrucción*. Resulta que, por enriba do xa dito, podemos ver que no parágrafo 32 da *Instrucción* se identifican os dereitos humanos cuns «valores morais que poideran servir de base ética da convivencia na sociedade española» (40). Advírtase ahí que o condicional *poideran* non é dubitativo. É literalmente condicional, pois refírese á condición que se engade: que se non os «baleire de contido»; que se non os «revire contra o mesmo ser humano».

Aínda máis. Compre subliñar a calificación que fai a *Instrucción* dos dereitos, considerándoos «inviolábeis» (41) e «inalienábeis» (42) de forma incondicionada. Inviolabeis ata o punto de xustifica-la coacción por parte do poder civil sobre a conciencia moral do que os viola en terceiras persoas, xa que nunca se pode presumir que éstas autorizaron a súa violación cedéndoos ou enalleándoos. A Igrexa non só *tolera* tal acción, senón que a *urxe* (43).

O máis chamativo, en fin, é, con todo, que os nosos bispos ensinan na *Instrucción* que «Deus quere que tódolos seres humanos poidan ver recoñecidos os seus dereitos»; e que cooperar na tarefa de facer efectivos os dikeos equivale, nada menos, que a «participar na acción liberadora de Deus» (44).

## V.- OS DIKEOS COMO ÉTICA CIVIL LAICA.

16.- Mais entremos ver sen máis no asunto central da relación entre a Doctrina Social Católica e a Doctrina Laica dos Dereitos. Esta é a cuestión máis

(40) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 32<sup>o</sup>.

(41) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 36<sup>o</sup>.

(42) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 39<sup>o</sup>.

(43) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

(44) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 41<sup>o</sup>.

importante porque, se non erro, constitúe a principal fonte de malentendidos para os católicos; e, de rebote, para as relacións Igrexa-Estado. De ahí o esforzo principal que fai o documento que estudiamos por perfilar tan difícil distinción. E tamén o que teño eu que facer agora co mesmo gallo.

O problema teórico consiste na distinción intelectual entre as dúas éticas. Pero se complica coa perentoriedade da práctica que o transforma nunha opción: a opción entre mante-las dúas éticas; ou ben confundi-las dúas éticas reducíndoas a unha, quer por eliminación da alternativa, quer pola substitución das dúas por outra nova e distinta. A orixe do problema radica na posibilidade de confusión entre ámbolos dous códigos éticos. Tal posibilidade devén do feito de que o cristianismo é unha soterioloxía e non unha ética *stricto sensu*, pero tamén comporta unha ética *lato sensu*. En efecto, o cristianismo é unha doutrina revelada de salvación; un programa de acción de dimensión escatolóxica; unha mensaxe para actuar no mundo que mira o mundo de tellas enriba. Polo tanto, comprende tamén unha ética dos compartamentos humanos que miran a finalidades que se acadan ou malogran de tellas abaixo.

Entón ¿cómo mira a Ética Católica á Ética Dikea? Antes de contestar non está de máis lembrar que na historia defendéronse as dúas sentencias extremas con que a Ética Católica pode mirar á Ética Civil (45): a da exclusión da Ética Civil, polas vías do rexeitamento ou da condena; e a da ingurxitación da mesma, polas vías da integración ecléctica, da combinación transaccionada, ou da subsunción dialéctica.

Ben, a *Instrucción* resolve este problema práctico aplicando o principio de liberdade relixiosa na vida civil, do que infire tres importantes axiomas, a saber:

- a) Se descarta a confusión da Ética Católica coa Ética Dikea -e tamén, ó contrario, se pide evita-la confusión da Ética Civil coa Ética Relixiosa-.
- b) Se descarta a condena da Ética Dikea dende a Ética Católica -e tamén se pide, á inversa, que non se rexeite a Ética Católica dende a Ética Civil-.
- c) E se promove a vía do respecto, da autonomía, da tolerancia e da cooperación entre ámbalas dúas éticas.

---

(45) Excluída, obviamente, a *tertia positio* da propia autodisolución.

Vexamos algúns desenrols deste axiomas.

17.- A Igrexa Española considera os dereitos humanos como a Ética Civil Laica, desenvolvida durante a modernidade no colo da Sociedade Civil Secular, que non hai que confundir coa Ética Relixiosa Cristiana, desenrolada durante a modernidade no seo da Igrexa Católica Romana.

Os dikeos, tal e como os entende a cultura civil do Século XX, non son unha creación relixiosa, e moito menos, relixioso-católica. Pois que «emerxen da conciencia moral contemporánea» (46) e «xurden da razón rectamente orientada do ser humano» (47). É a conciencia secular quen presta o seu fundamento laico propio -en forma de «convencións e consensos sociais» (48)- ós «proxectos éticos propostos por persoas e grupos sociais» diversos (49).

Moi ó rivés, «a Moral Cristiana afecta ó ser humano na integridade das súas dimensións e, en consecuencia, mantéñse vixente en toda ela unha continuidade real que vai, dende as normas morais inscritas no corazón do ser humano, ata os imperativos do comportamento humano alumeados por Cristo, que culmina no amor a Deus e ó proximo» (50). E recibe a súa xustificación dunhas fontes de lexitimidade propia que, según a propia *Instrucción*, son «os Sacramentos; a palabra do Maxisterio; a testemuña e o exemplo dunha Conducta verdadeiramente cristiana; e os modelos dos Santos». Esas fontes son as que «levan as esixencias morais máis aló do que constitúe os imperativos dunha Ética Xeral. A mediación sacramental e institucional da Igrexa é, por isto, o chan nutricional no que pode xermolar e crecer o *ethos* cristiano» (51).

18.- A Igrexa, pois, asume, respecta e estimula a expansión da Ética Civil Laica constituída polos dereitos humanos. E de ningún xeito a condena, nen a rexeita, nen a posterga. Pola contra, pronúnciase belixerantemente a prol dela. ¿Cómo así? O primeiro, afirmándoos directamente. E o segundo, afirmándoos defensivamente.

(46) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(47) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

(48) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 36<sup>o</sup>.

(49) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

(50) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 42<sup>o</sup>.

(51) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 48<sup>o</sup>.

O primeiro, pois, avaliándoos positivamente dun modo directo. Son «valores importantes» según «un xuício obxectivo» que non autoriza «unha visión pesimista do intre que vivimos» (52). Os bispos recalcan literalmente iso: «Recoñecemos que na *Constitución Española* e na *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* hai uns valores morais que poideran servir de base ética da convivencia na sociedade española» (53). Agora ben, esta afirmación ten unha importancia grande na evolución recente da doutrina hispana dos dereitos humanos. Sobre todo, porque fronte a unha visión antagónica previa, resalta un feito notoriamente exacto, que cecais tivera pasado desapercibido: que os propios dereitos humanos son, de seu, unha ética moi enlevada; tanto, que só pode xermolar e desenvolverse ben nun ambiente cristiano. ¿Por qué? Porque tal ética é o froito civil producido pola vivencia secular da nova ley cristiana da caridade e da misericordia. Tal cal dí o documento con preciso rigor, «estes valores ten a súa fonte de inspiración nunha cultura de raíces cristianas e, por iso, só na integridade da mensaxe cristiana reciben a súa última consistencia e sentido» (54).

A idea desenvólvese despois, aínda máis, cando a *Instrucción* afirma que «os dereitos humanos fundamentais» están «fundados na condición humana de imaxe de Deus»; ou seña, «na participación do absoluto de Deus por parte do ser humano»; porque «estes dereitos se fundamentan, en último termo, en Deus, e non en simples convencións e consensos sociais» (55). A *Instrucción* amosa, pois, unha posición activamente favorable á doutrina dikea nun senso progresivo.

19.- Pero tamén amosa a mesma actitude nun senso defensivo, coma dixeran. Pois que, en segundo lugar, a *Instrucción* se pronuncia denunciando «no noso sistema democrático» español «a emerxencia de sutís formas» de agresión ós dikeos (56); e, o que ten máis importancia, denunciando o seu baleiramento

---

(52) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(53) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 32<sup>o</sup>.

(54) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 32<sup>o</sup>.

(55) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 36<sup>o</sup>.

(56) Entre elas enumera estas catro :

- a) Os «chamamentos compulsivos ó consumismo».
- b) A «imposición, dende técnicas de marketing, de modelos de conducta dos que están ausentes valores morais básicos».
- c) A «manipulación da verdade con informacións sesgadas e inobxectivas».
- d) E a «introducción aberta ou subliminal dunha propaganda ideolóxica oficial -ou da cultura no poder- frecuentemente antirrelixiosa e silenciadora ou ridiculizadora do católico...». Cfr. 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 15<sup>o</sup>.

subrepticio: «Desarraigados estes valores do seu fundamento, que é Deus criador, estánse baleirando de contido -según amosa a experiencia dos últimos anos en Occidente-, perden vitalidade e, ás veces, se tornan contra o mesmo ser humano» (57).

O razonamento se prolonga, máis adiante, nestes punxentes termos:

«Cecais o drama da Ética da Modernidade ten como un dos seus ingredientes decisivos a crenza de que valores que, historicamente, naceron da experiencia cristiana -como son a liberdade, a solidariedade e a igualdade- e que cáseque chegaron formar parte da conciencia dos europeos, poderían sobrevivir de seu e como evidencias, arrincados do humus no que aquela autoconciencia se tiña desenvolvido. Nun primeiro momento, efectivamente, poideron sobrevivir por inercia. Máis tarde, como retórica. Pero ó final acabaron por disolverse doada e insensiblemente. O bon humus necesario para que aqueles valores tiveran podido mante-la súa vixencia é a experiencia de Cristo vivida na Igrexa» (58).

¿Resulta intempestiva esta apelación a Xesucristo, un «ideólogo» estrano e mesmo hostil para os non seguidores da súa mensaxe? Non hai tal. Acéptese a Xesucristo exactamente coma eso que é, cando menos: unha realidade obxectiva e que non pode resultar ofensiva para ninguén, cristiano ou non: coma un constructor máis dun sistema ético-relixioso; e mírese dende tal perspectiva se non é certo o que continúa a dici-la *Instrucción*:

«Porque, sen a Igrexa, incluso Xesucristo está exposto a ficar reducido, ó fin e á postre, a un discurso formal ou a ser convertido nun exemplo de conducta do que, unha vez extraída unha doutrina moral, resulta fácil prescindir, ó tempo que se abandona tamén o intento de vivir unha vida conforme á súa e conforme á esperanza que el suscita. A historia recente ten demostrado que xustamente ese modo de proceder non funciona» (59).

## VI.- OS DIKEOS NA DOCTRINA SOCIAL CATÓLICA.

A Igrexa Católica Española, finalmente, quere avanzar, dentro dunha situación de «pluralismo e tolerancia» (60), máis aló da Ética Civil Laica

(57) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 32<sup>o</sup>.

(58) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 48<sup>o</sup>.

(59) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 48<sup>o</sup>.

(60) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

mantendo -cos mesmos dereitos que calisquer outro grupo social polo menos-unha oferta da súa propia Doctrina Social Católica, con sustantividade propia e independente. A *Instrucción*, en efecto, reconece unha situación, asumida como valiosa e positiva, de «pluralismo e tolerancia, entendidos como respecto ás conviccións alleas e non imposición coactiva de crenzas ou formas de comportamento» (61).

Dixen que «cos mesmos dereitos» e convén matizar. Refirome ás mesmas liberdades de proposición moral. Non embora ós mesmos efectos de obligatoriedade xurídica. A segundo a *Instrucción*, por certo, a coacción debe ser utilizada para impo-la observancia da Ética Civil dos Dereitos Humanos contida na *Constitución* e na *Declaración Universal*; pero non para impo-la obsevanca de nengunha outra, nen tan xiquer a da Doctrina Social Católica.

O último queda patente no parágrafo da *Instrucción* no que os seus autores aseveran que «debe quedar sempre claro que a proposta moral que fai a Igrexa non pretende de ningún xeito violenta-la liberdade humana» (62).

E o primeiro resulta non menos evidente nas palabras que seguen: «Outra cousa moi diferente é que a Igrexa urxa a necesidade de que a autoridade protexa pola lei os dereitos fundamentais do home» (63).

A Ética Cristiana, pois, desexa espallarse nun clima de comunidade ideal de comunicación. Pero para que a tal poida existir, necesita que a Ética Civil Dikea sexa efectiva pola coacción legal... se preciso for empregala... E volvo subliñar que tal coacción, non só ven tolerada, senón que tamén ven pedida e aínda máis, urxida; é dicir, esixida.

O que acabo de escribir se confirma e ratifica claramente no parágrafo da *Instrucción* no que se pode ler que toda «conciencia é inviolable», mesmo a conciencia que, por referencia á Doctrina Social Católica ou á Ética Cristiana, se constata «equivocada por ignorancia invencible, por condicionamentos psicossociais ou por causas patolóxicas». Tamén esa conciencia é inviolable e o

---

(61) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 5<sup>o</sup>.

(62) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

(63) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 49<sup>o</sup>.

seu suxeito «ten obriga de seguila, sen que se lle poida forzar a actuar contra dela, nen impedir que obre dacordo con ela», mediante nengunha coacción xurídica externa.

En cambio, sí pode actuar xustificadamente a coacción xurídica cando a inmisión ilexítima no campo propio da Ética Social Católica constitúe, á par, unha invasión indebida do campo acotado da Doctrina dos Dereitos Humanos definidos na Constitución Política. Pois á mesma refírese, sen dúbidas, o adxectivo «fundamental» usado na expresión da excepción: «A non ser que se viole *un dereito fundamental e inalienable* dun terceiro» (64). Eso di a *Instrucción* e non di nada raro, pois que simplemente reitera doutrina expresa da *Declaración Dignitatis Humanae* (65) do Vaticano II.

Está clara así, ó meu parecer, a primacía funcional -práctica- da Ética Civil e a primacía racional -teórica- da Ética Relixiosa, cando xurde a antinomia entre ambas éticas no campo no que pode se presentar: que é o do dereito civil ou estatal (66). A Doctrina Católica quere, en definitiva, dúas cousas.

Por unha banda, a Igrexa quere coexistir coa Doctrina Dikea; asumir todo o que hai nela de concordante co seu propio espírito; e insuflar nela o mesmo dito espírito. A Conferencia Episcopal de 1991 ten dito a este respecto que «a autonomía da nosa sociedade, crecentemente secularizada» e «as máis nobres aspiracións de recoñecemento efectivo dos dereitos recoñecidos e conculcados» son «desafíos que urxen ós católicos» a «promover unha nova cultura e civilización de vida e verdade, de xusticia e de paz, de solidariedade e de amor» (67).

E, por outra banda, a Igrexa quere manterse distinta dela para así non perde-la liberdade de rexeitar dela canto poida quedar nela de non cristianizado ou non cristianizable; é dicir, canto se non compatibiliza coa revelación cristiana, que é a súa propia razón de ser. Pois como xa se tiña dito en 1986, «os cristianos debemos conservar sempre unha distancia crítica respecto de

---

(64) 53APCEE 1990: pf<sup>o</sup> 39<sup>o</sup>. O subliñado é noso.

(65) DH 1965: pf<sup>o</sup> 3.

(66) Pois a antinomia se non pode dar no campo do dereito canónico ou eclesial.

(67) 55APCEE 1991: pf<sup>o</sup> 43.

calisquer ideoloxía ou mediación socio-política para mantermos fieis á fe e non transferir ó partido, ó programa ou á ideoloxía o recoñecemento e a confianza que só podemos por en Deus» (68).

## VII.- A VERDADE DOS DEREITOS.

Se non erro, con isto temos atinguido unha certa verdade dos dereitos humanos na perspectiva da verdade da Ética Cristiana, por referencia a unhas coordenadas tempo-espaciais que marcan co signo da crise a situación da Ética Pública Española da derradeira década do segundo Milenio e do vixésimo Século.

Dende o punto de vista cristiano, nidiamente redefinido na *Instrucción* que comentamos, a *verdade práctica* se resume en «Xesucristo, camiño, verdade e vida» (69). Esa verdade práctica, plena e total para o creínte, se degraa en moitos fragmentos de verdade que a Igrexa de Xesucristo tenta repartir a tódolos seres humanos, segùn a ocasión ou a necesidade. Mais non todos queren ou poden aceptala. Ocorre, doutra banda e á vez, que moitos sistemas morais laicos contén amplos destellos da verdade práctica total, da verdade salvífica. O prudente, entón, é recoller toda esa Ética Civil, apoiála e fomentala... Sen confundila coa verdade plena. Pero tamén sen devaduala no que ten de verdade parcial. O desexo do perfecto non pode levar desprecia-lo simplemente bó, que constitúe o depósito das «conviccións morais máis elementais, sen as que non é posible a pervivencia dunha sociedade libre e democrática» (70). Neste campo de mínimos imprescindibeis de eticidade é onde se move a Doctrina dos Dereitos Humanos que a Igrexa quere salvar do naufraxio xeral da crise moral do noso tempo, para conducilos ó estaleiro e dende alí poder devovelos repristinados á sociedade laica e pluralista.

En realidade, ocorre que a Igrexa non só quere salva-la Ética Dikea: é que necesita salvala. Doutro xeito ¿cómo pode facerse ouvir por un mundo non cristiano cando ten que defender ante el os valores cristianos? P.e., o valor da

---

(68) CPCEE 1986: p<sup>o</sup>. 79.

(69) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 3<sup>o</sup>.

(70) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 17<sup>o</sup>.

paz na crítica ocasión aberta no Golfo Pérsico en Agosto de 1990. O Papa tiña que predica-lo evanxeo da paz, a sempre nova e boa nova da paz, a dirixentes de distinta confesionalidade persoal e pertencentes, a súa volta, a Estados aconfesionais ou confesionais de diversas confesiones institucionais. Nese contexto, o Papa só podía defende-la paz cristiana relixiosa coa linguaxe e no nome dos dereitos humanos laicos. E así o fixo, na *Mensaxe de Nadal de 1990*: «Os responsabeis -dixo S.S.- ten que persuadírense de que a guerra é unha aventura sen retorno» e de que «coa razón, coa paciencia, co diálogo e co respecto ós dereitos inalienabeis dos pobos e das xentes é posible descubrir e recorrer-los camiños do entendimento e da paz» (71).

Así falara o Papa e ¿qué outra linguaxe podía empregar? A mesma frase foi oportunamente lembrada polo Arzebispo Rouco-Varela dirixíndose ó Presidente Fraga-Iribarne, que lle presentaba unha ofrenda no nome do Rei de España, ou seña, do Xefe de Estado dun país constitucionalmente laico, na homilía da Festa da Traslación do día 30 de Decembro de 1990 (72). ¿Podía invoca-lo Arzebispo outra ética que isa, dada a situación?

22.- Enténdase ben que non se trata de conforma-la Ética Cristiana ós «postulados da cultura ou dos comportamentos sociais vixentes». Ao rivés, trátase de acadar que «a fe recibida e vivida na Igrexa» se convirta en «norma que peneire os criterios de xuicio, os valores determinantes e os modelos de conducta da nosa sociedade» (73). De modo que «a recta conciencia ética» dos españois «non quede a mercede de dictados externos, de esixencias meramente legais ou de apreciacións puramente subxectivas» (74).

Como ben se pode albiscar, a verdade práctica -ou seña, a verdade da norma que garantiza ata onde é posible o éxito da acción- está na conciencia subxectiva rectamente formada. E polo tanto, tamén máis aló: nas esixencias meramente legais e nos dictados gubernativos externos que inevitablemente as acompañan. E polo tanto, tamén máis aló: na Doctrina dos Dereitos Humanos. E polo tanto, tamén máis aló: na Ética Civil que os sustenta. E polo tanto, tamén

(71) MUO90 1990: p<sup>o</sup> 16.

(72) ROUCO-VARELA 1990b: p. 20.

(73) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 33<sup>o</sup>.

(74) 53APCEE 1990: p<sup>o</sup> 34<sup>o</sup>.

finalmente na Ética Relixiosa que fundamenta definitivamente en Deus toda a ley ética e tódolos principios morais...

Así fica situada e enmarcada a verdade dos dereitos humanos. Trátase dunha verdade normativa pequena e relativa. Pero é unha verdade ética imprescindible nun mundo pluralista e cáseque carente de modelos éticos sobresaíntes. O primeiro, tanto a nivel planetario, como rexional, nacional e local. E o segundo, dado que é ben sabido que poucos alcanzan a santidad -porque tampocuo non hai moitos máis dispostos a percurala-.

A Ética dos Dereitos Humanos é imprescindible sobre todo por esto último. Para os que non son cristianos, a verdade da Ética Cristiana apenas ten atractivo: para eles, non é máis que unha verdade máis... que, por enriba, é excesivamente esixente. E mesmo para os que o somos, ela constitúe unha empresa tan ardua -coa súa esixencia dunha percura da santidad de outos cumios: a da ascética e a mística, a de Teresa de Jesús e Juan de la Cruz- que tamén resulta cáseque inalcanzable.

Todos, pois, temos que atermos a un código ético máis curto e asequible para os que non damos a talla de heroes: o código dos dereitos humanos. Aínda que somente seña como vía de iniciación. Pois se «santidad e verdadeira liberación do ser humano coinciden» (75), non se debe perde-la esperanza de que cando a meirande parte de nós cumplamos cos mínimos teremos sen dúbida moito adiantado para que algúns cheguen a acadar máximos éticos, en beneficio de todos. Penso, sobre todo, nesa desexable minoría dirixente, que debería ser educada moi pricipalmente nunha Facultade de Dereito como a de Santiago de Compostela, que «cré na verdade da persoa e nos seus dereitos inviolabeis e que os respecta efectivamente»; e que -coma ten dito o Cardenal Suquia-Bengoechea- é a única que «pode reclamar á larga a autoridade moral que un pobo necesita para poder construír un futuro á medida do ser humano» (76). Matinando nesta idea adiquei ó longo da miña carreira universitaria considerabeis esforzos ó estudio da Doctrina Social Católica dos que xurdiron algunhas publicacións (77) antecedentes obrigados desta e dalgunha máis que sairá cando sexa sazón, *Deo volente*.

---

(75) SUQUIA-BENGOECHEA 1990: p. 21.

(76) SUQUIA-BENGOECHEA 1990: p. 18.

(77) Cfr. unha lista incompleta na Bibliografía deste traballo.

### VIII.- BIBLIOGRAFÍA MANEXADA.

- 53APCEE 1990: 53 Asamblea Plenaria de la Conferencia Episcopal Española, *La Verdad os hará Libres. Instrucción Pastoral sobre la Conciencia Cristiana ante la Actual Situación Moral de Nuestra Sociedad*. Madrid, Eds. Palabra, 1990.
- 55APCEE 1991: 55 Asamblea Plenaria de la Conferencia Episcopal Española. *Los Cristianos Laicos, Iglesia en el Mundo. Líneas de Acción y Propuestas para Promover la Corresponsabilidad y Participación de los Laicos en la Vida de la Iglesia y en la Sociedad Civil*, Madrid, Orinoco Artes Gráficas, 1991.
- CA 1991: Juan Pablo II, «Centesimus Annus»: *La Problemática Social hoy*, Madrid, Ediciones Paulinas, 1991.
- CPCEE 1986: Comisión Permanente de la Conferencia Episcopal Española, *Los Católicos en la Vida Pública. Instrucción Pastoral de 22.04.1986*, Madrid, Orinoco Artes Gráficas, 1986.
- CVII 1966: Concilio Vaticano II (1962-1965). *Constituciones. Decretos. Declaraciones, Documentos Pontificios Complementarios*. Madrid, Editorial Católica, 1966.
- DH 1965: Concilio Vaticano II, *Declaración Dignitatis Humanae sobre la Libertad Religiosa de 7.12.1965*. En CVII 1966: 683 ss.
- Ferreiro 1987: Ferreiro (Ed.), J.J., *La Enseñanza del Derecho en España*, Madrid, Tecnos, 1987.
- GS 1965: Concilio Vaticano II, *Constitución Pastoral Gaudium et Spes sobre la Iglesia en el Mundo Actual de 7.12.1965*. En CVII 1966: 209 ss. Texto bilingüe en Herrera-Oria 1968: 1 ss.
- Hernández-Marín 1987: Hernández-Marín, R., «Filosofía del Derecho», en Ferreiro 1987: 94 ss.
- Herrera-Oria 1968: Herrera-Oria (Ed.), A., *Comentarios a la Constitución Gaudium et Spes sobre la Iglesia en el Mundo Actual*, Madrid, Editorial Católica, 1968.
- Juan-Pablo II 1982: Juan-Pablo II, *Mensaje a España. 31 de Octubre a 9 de Noviembre de 1982*, Cur. Gabino Díaz Merchán, Madrid, Editorial Católica, 1982.
- MUO90 1990: Juan-Pablo II, «Mensaje *Urbi et Orbe* de 1990.12.25, en la Solemnidad de la Navidad», texto en *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, 3.440 (1991.01.1) 12 ss.

- Peces-Barba 1989: Peces-Barba, G., «Los Derechos Humanos ante el Futuro», *ABC*, 2.10.1989, p. 3.
- PT 1963: Juan XXIII, «Encíclica *Pacem in Terris* de 1963.04.11», texto bilingüe en Sánchez-Agosta 1963: 1 ss.
- Puy 1962; Puy, F., «El Cooperativismo en la «Mater et Magistra», *Anales de la Cátedra F. Suárez*, 2.2 (1962) 377 ss.
- Puy 1964: Puy, F., «Teología del Derecho», *Anales de la Cátedra F. Suárez*, 4 (1964) 9 ss.
- Puy 1970: Puy, F., «Libertad y Poder en la Doctrina Social de la Iglesia», *Verbo*, 9 (1970) 565 ss.
- Puy 1971: Puy, F., «El Fenómeno Turístico ante la Ética Social Católica», *Atlántida*, 9 (1971) 507 ss.
- Puy 1973: Puy, F., «Crisis de la Teología Moral Católica», *Tizona*, 43 (1973) 32 ss.
- Puy 1974: Puy, F., «Doctrina Social de la Iglesia sobre la Emigración», *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, 68 (1974) 243 ss.
- Puy 1975: Puy, F., «Fundamento Ético-Jurídico del Derecho a la Vida», *Persona y Derecho*, 2 (1975) 91 ss.
- Puy 1977: Puy, F., «La Doctrina Social Católica en la Filosofía Jurídica de José Corts», en *Filosofía y Derecho. Estudios Corts*, vol. 2, Universidad de Valencia, 1977, pp. 253 ss.
- Puy 1978: Puy, F., «El Derecho a la Dignidad», en *Homenaje a Eleuterio Elorduy S.J.*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1978, pp. 263 ss.
- Puy 1988: Puy, F., «La Invocación de Dios en el Actual Lenguaje Jurídico», *Anales de la Cátedra F. Suárez*, 28 (1988) 487 ss.
- Rouco-Varela 1990.a: Rouco-Varela, A.M., «Carta de 1990.12.2 no Tempo de Advento ós Sacerdotes, Relixiosos, Relixiosas e Fieis Laicos da Archidiócese de Santiago», *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, 3.439 (1990.12.1) 636 ss.
- Rouco-Varela 1990.b: Rouco-Varela, A.M., «Homilía de 1990.12.30. Contestación a la Ofrenda al Apóstol Santiago en el Día de la Fiesta de su Traslación», *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, 3.440 (1991.01.1) 18 ss.
- Sánchez-Agosta 1963: Sánchez-Agosta (Ed.), L., *Comentarios a la «Pacem in Terris»*, Editorial Católica, Madrid, 1963.
- Suquía-Bengoechea 1990: Suquía-Bengoechea, A., «Discurso de 1990.11.19, de Apertura de la 53 Asamblea Plenaria de la Conferencia Episcopal Española», en *53APCEE 1990*: 7 ss.